

te caso o incremento virá condicionado a que a dita aprobación sexa anterior á data de certificación das axudas a que fai referencia esta orde.

b) Se a persoa solicitante non cumpre o punto anterior, e está incluída nalgún ou varios dos seguintes programas, a axuda incrementarase acumulativamente, e ata un total do 50% como máximo, nas porcentaxes indicadas:«...».

-Na páxina 16.018, no artigo 3º, número 6, o punto i) debe quedar redactado como se cita a continuación: «i) Un 15% no caso dun programa de reprodución, incluído nos programas de xestión zootécnica, ou nun programa de xestión técnica agronómica de produción e sanidade vexetal recoñecidos segundo o artigo 5 letra c do Decreto 235/2007, así como no caso de estar incluído nunha agrupación de agricultores para tratamentos integrados (Atrias)».

-Na páxina 16.019, no artigo 3º, número 7, onde di: «...1.500 euros por beneficiario e servizo...»; debe dicir: «...1.500 euros por beneficiario e servizo de asesoramento completo...».

-Na páxina 16.019, no artigo 3º, engadirase o seguinte número:

«9. Para os efectos desta orde enténdese como:

-Servizo de aconsellamento completo o conxunto de actuacións levadas a cabo nunha explotación agraria por unha entidade de aconsellamento inscrita no Rexistro de Entidades con Servizos de Aconsellamento ou Xestión de Galicia (Resaxega), durante o período comprendido entre a data de presentación da solicitude, sempre e cando se ditase resolución aprobatoria da axuda sobre ese servizo, e os doce meses seguintes á data da súa aprobación. Estas actuacións incluírán as materias de obrigado cumprimento, indicadas no artigo 3º, número 2, e as indicadas no número 3 se así o solicitasen as persoas titulares de explotacións agrarias».

-Na páxina 16.019, no artigo 4º, letra c) onde di: «...indicando o número de servizos previsto, horas por concepto e custo final»; debe dicir: «... indicando o número de actuacións previstas no servizo, o obxecto da actuación, as unidades ou horas que lle corresponden, o seu valor e o custo final».

-Na páxina 16.019, no artigo 4º, engadirase a seguinte letra:

«e) No caso de que a persoa titular sexa unha entidade asociativa, para a xustificación do cumprimento do referido no artigo 5º, número 2, letras h) e i), deberase acreditar cunha certificación do seu presidente en que conste o nome das persoas socias, sexo e data de nacemento delas».

-Na páxina 16.019, no artigo 5º, número 3, onde di: «3. No caso de que a dispoñibilidade orzamentaria limite o número de persoas beneficiarias aprobaranse as axudas así ordenadas ata esgotar o orzamento. No caso de que se produza igualdade na puntuación priorizaranse as persoas titulares de explota-

cións de menor a maior renda e dentro destas, as explotacións que xeren un maior volume de emprego»; debe dicir: «No caso de que a dispoñibilidade orzamentaria limite o número de persoas beneficiarias aprobaranse as axudas primeiramente ás persoas titulares que cumpran o criterio a) deste número, seguidamente das persoas titulares que cumpran o criterio b), independentemente da puntuación que acaden. Se persiste a igualdade priorizaranse aquelas que cumprindo o criterio a) cumpren tamén o criterio b); atenderase a continuación á puntuación obtida por cada unha para establecer a orde de prioridade. O resto das solicitudes ordenaranse en función da puntuación exclusivamente, considerando que de manterse a igualdade, terá preferencia a persoa titular que cumpra o criterio que achegue unha maior puntuación».

-Na páxina 16.020, no artigo 7º número 5, onde di:

«1.-Data e hora do servizo.

2.-Duración do servizo.

3.-Obxecto do servizo»; debe dicir:

«1.-Data e hora da actuación.

2.-Duración da actuación.

3.-Obxecto da actuación».

-Na páxina 16.023, na descrición do procedemento do impreso MR624A, onde di: «Axudas á utilización de servizos de aconsellamento por titulares de explotacións agrarias e forestais»; debe dicir: «Axudas á utilización de servizos de aconsellamento por titulares de explotacións agrarias».

Resolución do 24 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, pola que se ditan medidas en materia de protección sanitaria e de movemento pecuario como consecuencia da detección de casos de lingua azul na Comunidade Autónoma de Galicia.

O 22 de setembro de 2008 o Programa de vixilancia da lingua azul previsto no artigo 11.1º b) do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, puxo de manifesto a circulación do virus da enfermidade na Comunidade Autónoma de Galicia, sendo, en consecuencia, declarados varios focos da enfermidade en explotacións dos concellos de Barreiros, Lourenzá e A Pontenova pertencentes respectivamente ás comarcas veterinarias da Mariña Oriental, A Mariña Central e Meira.

Por outra banda, baseándose na diseminación do serotipo 1 na cornixa cantábrica e o risco de transmisión do serotipo 8 procedente de Europa, mediante a Orde ARM/2510/2008, do 28 de agosto, que modifica a Orde ARM/1200/2008, do 29 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, inclúfese a Comunidade Autó-

noma de Galicia na zona restrinxida de lingua azul, para os efectos de poder proceder á vacinación preventiva fronte á enfermidade, estando aínda en fase de execución o dito programa de vacinación.

Como consecuencia das actuais condicións epidemiolóxicas, deben establecerse medidas en relación co movemento pecuario de animais das especies sensibles á lingua azul na Comunidade Autónoma de Galicia, xa que a súa posible propagación supón un grave risco para o gando galego, e pode ter consecuencias negativas nos intercambios comerciais dos animais. Na regulación dos ditos movementos debe terse en conta o grao de desenvolvemento do programa de vacinación, e o risco que supoñen os movementos de animais desde explotacións das zonas afectadas, así como as concentracións de gando nas ditas zonas.

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido na normativa mencionada, e en virtude das atribucións que me confire o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria,

RESOLVO:

Primeiro.-Todos os movementos de animais das especies sensibles á lingua azul con orixe en explotacións (incluíndo os mercados gandeiros) pertencentes ás comarcas veterinarias da Comunidade Autónoma de Galicia referenciadas no anexo I desta resolución, e que teñan como destino explotacións (incluíndo os mercados gandeiros) do resto da comunidade autónoma realizaranse logo da obtención da autorización de traslado expedida polos servizos veterinarios oficiais da Consellería do Medio Rural.

Porén, o gando bovino, ovino e cabrún procedente de explotacións cualificadas sanitariamente poderá circular dentro das comarcas incluídas no anexo I, tanto con destino a vida como a sacrificio, así como cara ao sacrificio directo en matadoiros do resto da comunidade autónoma, con copia validada por veterinarios expresamente autorizados para o efecto pola consellería competente en materia de sanidade e produción animal, da que conste a súa autenticidade, ou copia cotexada por persoal dos servizos veterinarios oficiais de sanidade e produción animal ou persoa pública que dea fe, do documento acreditativo da cualificación sanitaria da explotación denominado Explotación cualificada sanitariamente, en que os animais estean rexistrados. Esta mesma documentación será válida para o traslado de animais nados na explotación de procedencia.

Segundo.-Para a realización dun movemento de animais das especies sensibles con orixe nas comarcas sinaladas no anexo I e que teñan como destino explotacións (incluíndo os mercados gandeiros) do

resto da comunidade autónoma, deben cumprirse as seguintes condicións:

-Os animais non terán signos clínicos da enfermidade no momento do embarque.

-O movemento realizarase preferentemente nas horas centrais do día ou da noite, e en todo caso fóra do horario de máxima actividade do vector.

-O transporte realizarase en vehículos desinsectados.

-Os animais obxecto de movemento deberán ser previamente tratados cun desinsectante ou repelente que garanta a súa desinsectación durante o transporte. Non será necesario o tratamento previo destes animais cando sexan trasladados directamente ao matadoiro para o seu sacrificio no prazo de 24 horas.

Nos movementos autorizados de animais para vida cara a explotacións ou feiras localizadas en comarcas diferentes das sinaladas no anexo I, deberá cumprirse, ademais das medidas de bioseguridade sinaladas no punto anterior, unha das seguintes condicións adicionais:

-Que se obtivese resultado negativo na realización dunha proba de reacción en cadea da polimerasa (PCR) realizada sobre unha mostra de sangue extraída como mínimo 14 días despois do inicio do período de protección do animal fronte ao ataque dos mosquitos mediante a aplicación dun tratamento desinsectante ou repelente eficaz. No caso de animais acabados de nacer, non será necesario cumprir o período mínimo dos 14 días indicados sempre que sexan protexidos fronte aos mosquitos desde o seu nacemento.

-Que se trate de animais da especie ovina e bovina maiores de tres meses de idade e vacinados con vacina inactivada fronte aos serotipos 1 e 8 do virus da lingua azul, podendo realizar o movemento cando transcorresen 70 días desde a aplicación da segunda dose vacinal que estableza a inmunidade fronte aos dous serotipos, ou ben se fixese unha toma de mostra a partir dos 25 días da aplicación da segunda dose vacinal que estableza a inmunidade, para a realización dunha proba de reacción en cadea da polimerasa, con resultados negativos.

No caso de que se realice traslado a unha feira e desde esta os animais teñan como destino directo un matadoiro, non será necesario o cumprimento das mencionadas condicións adicionais indicadas nos dous parágrafos anteriores.

Terceiro.-A realización de feiras, mercados e concentracións gandeiras de animais das especies sensibles á lingua azul dentro do territorio das comarcas veterinarias indicadas no anexo I requirirá a autorización expresa da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, que actuará segundo as condicións epidemiolóxicas existentes.

Cuarto.-O movemento de gando bovino, ovino e cabrún con orixe en explotacións cualificadas sanita-

riamente pertencentes a calquera concello galego fóra das comarcas veterinarias referenciadas no anexo I, poderá realizarse no ámbito de toda Galicia, co documento acreditativo da cualificación sanitaria da explotación, nas mesmas condicións indicadas no segundo parágrafo do punto primeiro desta resolución.

Quinto.-As condicións para o movemento establecidas nos puntos primeiro, segundo e terceiro desta resolución serán de aplicación inmediata aos traslados que teñan como orixe calquera explotación doutra comarca veterinaria galega, cando sexan declarados nela focos de lingua azul.

Disposición derogatoria

Derrógase a Resolución do 5 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, pola que se ditan medidas en materia de movemento pecuario como consecuencia da declaración de zonas restrinxidas de lingua azul na Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira

Esta disposición entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2008.

Antonio Santiago Oca Fernández
Director xeral de Producción, Industrias e Calidade
Agroalimentaria

ANEXO I

Comarcas veterinarias da Comunidade Autónoma de Galicia en que foron declarados focos de lingua azul e concellos que as integran:

Provincia de Lugo:

Comarca veterinaria da Mariña Oriental.
Concellos de Barreiros, Ribadeo e Trabada.
Comarca veterinaria da Mariña Central.
Concellos de Alfoz, Burela, Foz, Lourenzán, Mondoñedo e O Valadouro.
Comarca veterinaria de Meira.
Concellos da Pontenova, Meira, Pol, Ribeira de Piquín e Riotorto.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se establece a denominación da biblioteca pública de Santiago de Compostela.

As bibliotecas públicas, institucións esenciais na vida comunitaria dos barrios, vilas e concellos, repre-

sentan unha das máis vitais e ricas alternativas de cultura e ocio que unha institución lle pode ofrecer á sociedade a que serve. Unha biblioteca nace do amor dunha comunidade pola cultura, expresado na demanda de oportunidades e libre acceso a esta, así como no compromiso dos xestores públicos de crear espazos e servizos de lectura, coñecemento e comunicación.

Xa que logo, a biblioteca pública debe afirmarse na comunidade da que agroma, procurando a maior identificación posible coa tradición, historia e valores que a definen e que lle dan o ser.

Parece, pois, un acto coherente e de xustiza, asociar un centro como a biblioteca pública de Santiago de Compostela a un nome tan ligado á cultura galega, á cidade compostelá e ao libro como Ánxel Casal Gosenxe, editor, difusor da cultura galega e da súa vinculación coas outras do seu contorno, alcalde da cidade nos días do levantamento militar que deu lugar á Guerra Civil. El representa para todos nós a figura honesta, íntegra e xenerosa, atenta ás inxerencias da comunidade a que serve, amante das súas creacións, entregado á misión de difundir a cultura galega, relacionándoa coas outras do mundo.

Emigrante cando novo, no regreso afírmase como promotor e activista das Irmandades da Fala, do Conservatorio de Arte Galega da *Asociación de Escritores de Galicia* ou das primeiras escolas de ensino en galego. Casado con María Miramontes, apoio permanente no seu traballo de editor e difusor da cultura, asóciase con Carré Alvarellos no proxecto da editorial Lar, participa en diversas iniciativas culturais e bibliográficas, funda a editorial Nós, na cal publicarán as súas obras os máis importantes escritores galegos da época e que editará as revistas Nós e A Nosa Terra. Elixido vicepresidente do comité executivo para o Estatuto de Galicia e alcalde de Santiago de Compostela desde febreiro de 1936, será asasinado en Cacheiras, Teo, aos poucos días do golpe militar.

Ánxel Casal entregou a súa vida pola causa dun mundo máis xusto e para que Galicia e Santiago de Compostela contasen algún día coa liberdade e o benestar social e cultural que soñaba para o seu pobo, e para que todos os galegos puidesen gozar de institucións como esta biblioteca que acaba de abrir as súas portas na cidade por el elixida para vivir.

Ánxel Casal é, pois, unha figura asociada como poucas ao libro, ao servizo público e ao país, el representa o compromiso con conceptos en que se asenta a biblioteca pública como institución cultural.

Ningunha honra poderá igualar a súa capacidade de amor, sacrificio e entrega a Galicia, pero de bos e xenerosos é lembralo cunha homenaxe tan sinxela e ao tempo tan simbólica, como a de asociar o seu